

***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN DE CENTROS TECNOLÓXICOS DE GALICIA PARA FOMENTAR A TRANSFERENCIA E INTERNACIONALIZACIÓN DA I+D+i DESENVOLVIDA EN GALICIA***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (ATIGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización e execución das seguintes liñas de actuación:

- Fomentar a visibilidade e competitividade do sistema galego de I+D+i, activando a presenza de ATIGA en redes tecnolóxicas europeas e a participación de empresas galegas nos proxectos dese ámbito.
- Favorecer a formación conxunta e sinérxica do capital humano dos centros tecnolóxicos de cara a mellorar a competitividade dos mesmos.
- Promoción e difusión de ATIGA, das tecnoloxías emerxentes e do potencial dos centros tecnolóxicos para axudar a innovar ao tecido empresarial.
- Consolidar e mellorar a fortaleza e competitividade dos centros tecnolóxicos galegos, analizando a súa especialización e alineamento coas tendencias claves a nivel europeo, o seu posicionamento e financiación a nivel nacional e internacional, e a identificación de oportunidades conxuntas de actuación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. A Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (ATIGA), constituída no ano 2012 ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, é unha entidade sen ánimo de lucro con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar.



Constitúe o obxecto da asociación, conforme ao sinalado no artigo 6 dos seus estatutos, favorecer a cooperación entre os seus asociados, potenciar a relación cos demais axentes do sistema de investigación, desenvolvemento e innovación, impulsar políticas adecuadas para o seu desenvolvemento e prestar servizos de alto valor engadido aos seus membros.

Segundo o artigo 9 dos citados estatutos, poderán ser membros da asociación os centros tecnolóxicos cuxa sede radique na Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente da forma xurídica na que os mesmos se atopen constituídos, co requisito inescusable de acreditar a condición previa de estar recoñecidos e rexistrados como centro tecnolóxico conforme ao Real Decreto 2093/2008, de 19 de decembro, polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal e se creou o rexistro de tales centros (modificado polo Real Decreto 652/2011, de 9 de maio). Son fins principais dos centros tecnolóxicos de ámbito estatal, conforme ao sinalado no artigo 3 do citado Decreto, contribuír á xeración de coñecemento tecnolóxico e a súa aplicación para o desenvolvemento e fortalecemento da capacidade competitiva das empresas no ámbito da tecnoloxía e a innovación.

Na actualidade son membros da asociación: ANFACO-CECOPECA, AIMEN, CTAG, CETIM, GRADIANT, ENERGYLAB e ITG.

ATIGA ofrece soporte científico-tecnolóxico a practicamente todos os sectores estratéxicos da economía galega: mar-industria, alimentación, metal-mecánico, naval, automoción, aeronáutico, transporte, TIC, audiovisual, acuicultura, biotecnoloxía, sanitario, turismo, enerxético, químico e educativo.

Un dos obxectivos desta alianza tecnolóxica intersectorial é a participación conxunta en grandes proxectos consorciados así como en plataformas e foros tecnolóxicos, á vez que propiciar maiores oportunidades de actuación no ámbito internacional co fin de impulsar a competitividade e a excelencia tecnolóxica das empresas galegas.

2. A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización



de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta lei, no seu capítulo III, establece o Plan Galego de Investigación e Innovación como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica de Galicia 2011-2015 (Plan I2C), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 é o antecedente inmediato da vixente Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013. Entre os programas cadro da RIS3 Galicia está o programa *Galicia Transfire* que aglutina os instrumentos dirixidos a fomentar a transferencia da investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento, como principais artífices do fomento do talento nos sistemas de innovación galegos, cara o mercado nun marco de innovación aberta.

3. O Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 pretende fomentar un modelo de crecemento económico baseado na innovación e no capital humano, que favoreza unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e o benestar dos galegos. Entre os seus obxectivos transversais está o *Impulso da cultura de Innovación* e ao igual que establece a RIS3 Galicia, para o logro dese obxectivo define como unha das súas actuacións principais o fomento da transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento cara o mercado nun marco de innovación aberta.
4. A innovación é un dos factores clave para incrementar a competitividade das empresas e neste punto é decisivo o papel que desempeñan os centros tecnolóxicos como focos de innovación e transferencia tecnolóxica, acompañando á industria na incorporación de procesos innovadores e no lanzamento de novos produtos.

ATIGA aporta soporte científico á maioría dos sectores estratéxicos da economía galega, reunindo as condicións necesarias para facilitar a atracción e captación de investimentos; actuando como referencia tecnolóxica do tecido produtivo galego, especialmente das PEMES; e impulsando a súa internacionalización.



A Xunta de Galicia aposta por unha innovación aberta, que promova a cooperación e a transferencia de resultados dos centros tecnolóxicos ao mercado. Neste sentido, considera prioritario seguir identificando, en colaboración con ATIGA, proxectos concretos que permitan aproveitar as oportunidades da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia – RIS3.

5. GAIN, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar a ATIGA en reforzar o papel tractor dos seus centros tecnolóxicos, impulsando, así, un novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento e apostando pola transferencia real de resultados de investigación ao tecido empresarial, contribuíndo con elo a reforzar o papel dos mesmos como axentes dinámicos e flexibles con fortes capacidades en investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación, con cultura emprendedora e creativa e capacidade de acompañar ás empresas nos procesos de internacionalización e favorecer coa súa labor a capitalización do coñecemento e a xeración de valor.

É intención da Axencia Galega de Innovación continuar a colaboración con ATIGA, iniciada coa sinatura dos convenios dos anos 2015, 2017, 2018, 2019 e 2020, no desenvolvemento de actividades que redunden no impulso e potenciación da alianza dos centros tecnolóxicos de Galicia para contribuír a maximizar o valor aportado e incrementar a competitividade no ámbito industrial e empresarial a través da xeración de sinerxías para potenciar a excelencia na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.

6. As actividades obxecto do presente teñen un custo estimado de 354.500,00 €, para o que a Axencia Galega de Innovación, concede unha subvención a fondo perdido do 71% (251.300,00 €) con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma para os anos 2021 e 2022.
7. Tendo en conta as características de ATIGA, na súa condición de alianza tecnolóxica intersectorial de Galicia que aglutina aos centros tecnolóxicos galegos con recoñecemento estatal, a subscripción do presente convenio de colaboración representa o instrumento adecuado de apoio a transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento cara o mercado nun marco de innovación aberta conforme ao establecido na RIS3 Galicia e no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

